REVISTA QUINCENAL DE CRENTES GALEGOS

IRMIA

a vós chamáronvos á liberdade

ANO XXXII • Nº 850 - Do 12 ao 25 de marzo de 2012



El non faría falta un "(des)Vaticano III" ou algo así????

A foto que fala



Cando a arte tamén é dignidade. O colectivo *Boa mistura* "decora" varias rúas das favelas de São Paulo coas palabras BELEZA, FIRMEZA, AMOR, DOÇURA e ORGULHO.

O trasno A cousa vai de caras

Daniel López

A cousa esta, que xa damos por suposta, de que un goberno reparta discrecionalmente cartos á prensa, ten varias caras.

Cara de parvos é a que se lles pon aos parados e precarizadas cando, en época de recortes do gasto –tamén do gasto social, educativo e sanitario, deixémonos de andrómenas-, a Xunta, a Deputación, o Concello, ou quen cadre, mediante convenio, o que significa "a dedo", teñen a santa cara de repartir fondos ás empresas de comunicación, sen criterios obxectivos, sen unha xustificación que teña que ver co interese público senón, en todo caso, co interese do partido que goberna cada institución.

Por iso que, en fase de fartura de mentiras e fame de igualdade, aos indignados se lles pon cara de ferreiro cando escoitan que un conselleiro de infraestruturas, con cara de cartón, reparte 340.000€ entre as empresas de comunicación por "inaprazable necesidade". (165.000 € para o grupo Voz; 90.000€ para o grupo do *Faro de Vigo, La Opinión de A Coruña*, *La Región* e *Atlántico Diario*; 30.000 € para *El Progreso* de Lugo e outros tantos para *El Correo Gallego* e 25.000 para *Diario de Pontevedra)*.

Éche moita cara dura, porque todos, desde a última funcionaria ao penúltimo lector, pasando por xornalistas e opinadores, saben que esas dádivas á prensa, co diñeiro de todos e todas –dos parados e das excluídas, dos enfermos, das maltratadas e dos inmigrantes- son para que a "prensa nos trate ben", "para vender o que facemos" e sobre todo "o que non facemos".



Por iso que os interventores e as xuíces, os parlamentarios e o electorado todo, deberían poñer cara de pau cando lles toque o tempo de controlar como gasta cada quen, así, con cariña de rosa, os recursos escasos dun Estado Social en caída libre.

Por certo, que caras lavadas hainas a espallo neste mundo e cómpre ter boa conta delas todas. Porque o Consello de Contas, cando fiscalizou os gastos de 2006 do goberno bipartito detectou que a Xunta pagara 20 millóns de euros á prensa, dos que 12 millóns eran tamén "vía convenio", así de remanguillé. E mira por onde que, en época bipartita, volve aparecer o grupo La Voz en cabeza dos receptores de cartos, e con moita diferenza. Aforro o comentario.

Editorial

Unha xustiza mediática cada vez máis cuestionada

A xustiza ocupa a primeira plana dos informativos, o groso dos faladoiros mediáticos e chega, mesmo, ás conversas de café. Urdangarín e o seu Instituto Nóos monopolizou a atención dos medios e, malia ao que puider parecer, a imputación dun membro da Familia Real non acrecentou a confianza dos cidadáns no poder xudicial, senón que serviu para exteriorizar as súas dúbidas. Os precedentes inmediatos non axudaban: o veredicto de non culpable para Camps e Costa ou a controvertida condena por prevaricación para o xuíz Garzón -non tanto por que se dubide de que fixese algo mal, canto pola sensación de que se non se crease tantos inimigos e non tocase determinados temas podería seguilo facendo moitos anos máis-, puña en cuestión a efectividade e a imparcialidade dun dos tres poderes sobre o que se ten que asentar un Estado democrático. Mais non estamos ante un mero problema político ou de impotencia xudicial ante a corrupción: o que subxace é algo máis amplo, a claudicación do sistema democrático ante a economía do capitalismo neoliberal, dos mercados, a incapacidade dos poderes dos Estados democráticos por defender os dereitos dos seus cidadáns, por lles faceren Xustiza. O funcionamento previo á crise do sistema financeiro, cunhas prácticas que só poden ser cualificadas coma estafas, con participacións preferentes, empréstitos "clip" e hipotecas que derivaron nos actuais desafiuzamentos, son un síntoma que delata o problema.

A loita pola xustiza é punto de partida dunha alternativa ao sistema económico actual

Por máis que se fale de procesos xudiciais, de sentenzas, de imputados, por máis que incorporemos ao noso vocabulario a xerga procesal, a xustiza social, que é a que verdadeiramente nos tería que preocupar, segue ausente do discurso social. A loita pola xustiza debe deixar de ser unha simple lenda e ser o verdadeiro punto de partida dunha alternativa ao sistema económico actual. Dende esta perspectiva é posible construír algo novo. É sinxelo, mais non vai ser fácil. A loita pola xustiza sitúase a escala planetaria e aínda que nos custe aceptalo, aí estamos entre os máis privilexiados.

Rumores de esperanza




Señores irimegos, señoras irimegas. Teño que darlles unha boa noticia. Somos menos propensos ao Alzeimer. Si, señores. Os irimegos todos. Ti tamén. Non sei se sabedes que hai un estudo (hoxe estúdase todo) que di que as persoas bilingües temos menos posibilidades de ter Alzeimer. E como todos os irimegos sabemos e dominamos dúas linguas


Hai alguén de nós que non saiba expresarse correctamente en castelán? Podedes ler este artigo? Pois ademais de ter menos posibilidades de ter Alzeimer tes unha riqueza. Poder ler a Rosalía e a Quevedo. Poder ler prensa de Madrid, de Arxentina e incluso os novos xornais dixitais en galego (Praza Pública, Dioivo, que acaban de estrearse, novo motivo para esperanza).

Ademais hai irimegos que saben francés, italiano, inglés, portugués (aínda que os galegos témolo fácil con el) e se cadra máis linguas. Incluso algún saberá latín e grego clásico. Somos ricos, somos inmensamente ricos. Gocemos do camiño que abren as linguas. Amemos a nosa pero gocemos da dos demais. Todos xuntos contra o maldito Alzeimer que nos pode facer esquecer o que somos. Só coa lingua galega non esqueceremos de onde vimos. A usar as linguas.









A peneira

1

Coa despedida das relixiosas da COMPAÑÍA DE MARÍA das Pontes agradecemos o labor calado durante 27 anos destas mulleres, ao pé da poboación, arrequecendo coa súa evanxelización comprometida aquelas comunidades que están a sufrir o desmantelamento industrial e a despoboación.

2

Está a artellarse unha Iniciativa lexislativa popular a prol de PREESCOLAR NA CASA, cando se estrea o audiovisual "Antonio Gandoy (1930-2002). O carpinteiro das utopías realizables". Dende 1977 están a loitar polos nenos e nenas máis desfavorecidos. Só no 2010/11 foron 4000.

3

Dende Tui, no San Martiño, o 20, laiámonos de que Portugal non potencie freguesías coma DUME, na capital da Gallaecia, cando se enxergaban os dous países. Hai un bloqueo da historia común, cegando social e culturalmente as vías romanas que tanta vida deron. Nós abusamos pagando só 500€ a moit@s dos 5000 portugueses que traballan aquí.

4

Nun ano de loita pola liberdade en LIBIA lembramos o World Press Photo 2007, T. Hetherington, morto alí. Dedícaronlle unha praza coma un mártir. O expresidente de Liberia quixo matalo antes, por visualizar a ditadura. O 21 asasinaron en Homs a R. Ochlik, World Press 2012, por fotos de Libia, con Mebrouk, morto en Túnez.

5



7



6



8



Alfonso Blanco Torrado

5

"AUGA, sangue da terra", exposición de Novacaixa en Ourense, ata o 8, lembra os 45 días sen chover que merma o manancial Sousas de Verín. Estrella Galicia vai explotar auga mineral de Chantada. Importamos 273.000 l., e exportamos 160.000, de 8 fontes minerais. Gastamos 150 l/día, fronte aos 80 racionais. Só 1 de cada 10 recicla e só o 26% controla as billas.

6

Marrocos afasta os barcos da UE do Sáhara. A Asociación AFROLATINA en Ourense denuncia o roubo destes recursos, pois a ONU prohibe negocialos co conflito que hai, ignorando o pobo. Participamos do espolio vendendo peixe ou area para construción, con licenzas de Marrocos.

7

Importan a mellor MADEIRA e inza a de crecemento rápido, que emprega a 40.000 e produce un millón toneladas de biomasa. O minifundio prexudica produción e comercio. Só vai permitirse a división en máis de30 has., mesmo nas herdanzas. Hai 670.000 propietarios de 1,5 millóns de parcelas cunha media de 2 has. En Trabada 327 deles converten 7.338 en 513.

8

INDIGNarte terá lugar o 17, unha convocatorioa do 15M de Lugo no que poden participar tod@s os creadores, expoñendo e podendo vender sen intermediarios no VIII Mercado de troco e participando na Asamblea de Debate. Na foto, unha das líderes do 15M, Carme Rodríguez, de Ourense, onde está a abrollar a Asociación de Vítimas do Caciquismo.

Política En que nos estamos confundindo?

Pedro Pedrouzo Devesa

Segundo avanza a evidencia de que estamos moi mal economicamente (hai que ter en conta que necesitamos catro anos para crer que isto andaba mal), aumenta o sentimento de cabreo xeneralizado. Competimos en buscar culpables desta situación, e realmente hai un sen número de causantes. Os prexuízos da nosa ideoloxía (ou da nosa clase) farán que identifiquemos mellor os culpables do bando contrario, esquecendo que nas nosas filas tamén se cocen fabas a caldeiradas. Por exemplo, desde que comezaron a aumentar os desafiuzamentos de forma considerable, levamos catro anos sen conseguir que a dación en pagamento sexa unha realidade. O máis asombroso é que sexa un goberno de dereitas quen dá os primeiros (tímidos) pasos nesa dirección. Tamén é curioso comprobar como o PSOE no seu momento subiu o IVE (imposto máis regresivo que castiga máis os que menos teñen), e o PP sobe o IRPF (imposto máis progresivo que castiga máis -pouco, iso si- a quen máis ten).Tamén é certo que, malia diciren que non subirán máis impostos, non lles quedará máis remedio ca facelo, e o imposto elixido será o IVE, imitando o resto de países europeos en situación semellante. Non teño ningún interese en gabar un partido que amosou en Valencia a súa incapacidade para poñer orde entre os seus (non todos os días se arruína unha comunidade autónoma, bancos incluídos). O que quero é reflexionar sobre que supón nestes momentos ter unha ideoloxía progresista e que podemos facer para poñela en práctica. Semella que só nos queda saír á rúa e protestar. Pero, crearemos así a riqueza necesaria para financiar os servizos básicos? Cal é a vía acertada?

Semella que só nos queda saír á rúa e protestar.

Pregúntome se podemos permitirnos o luxo, por exemplo, de seguir negándonos a pactar e negociar. Tradicionalmente era a dereita a ideoloxía con máis reparos en facelo coa esquerda. Hoxe hai moita xente no BNG que entende que pactar co PP é motivo de excomuñón. Pero, se eu teño clara a miña ideoloxía, e sei claramente que a vou poñer en práctica, e que con ela os veciños dun municipio van ver mellorado o seu nivel de vida, e quen quere gobernar comigo asume esas condicións..., a que temo? A non ser que teña enormes dificultades para diferenciar as miñas decisións das dos meus adversarios políticos, porque se parecen enormemente e non son tan adecuadas como me gusta crer a min. Pero iso, é outra cousa que merece reflexión aparte.

O Peto do Santo Antón

Rubén Aramburu

Adormecín o outro día mirando a tele, e cando espertei unha bruxa desas que agora andan nas pantallas adiviñaba cousas e daba remedios para os males dos que chamaban. Non era unha bruxa fea e chuchona, non. Aínda que pasaba os cincuenta, levaba o pelo louro e ía ben peiteada e maquillada. Detrás dela, un barbudo con pinta de hippy tocaba o saxofón. A xente chamaba pedindo saúde, traballo, amor De súpeto, a bruxa comezou a cantar e a recitar unha oración a un famoso cristo madrileño.



Xa na cama, acendín a radio por conciliar o sono, e nunha desas emisoras católicas transmitían desde o santuario do cristo do que falaba a bruxa. Había ringleiras de xente agardando e pensaban botar alí a noite enteira. Entrevistaban os paisanos: "Que lle pedides ao cristo?". "Saúde, traballo, amor, que me toque a lotería...". Logo falou un crego deses que poñen voz rara, como se lle apertara o pantalón por aló embaixo. E pásmate, meu querido amigo, non recitou a mesma oración que a bruxa da tele? Faltáballe o barbudo tocando o saxofón.

Como é coresma e tempo de calar, apaguei o aparato e acollín o silencio da noite, ía norte e escintilaban as estrelas mentres a xeada deitaba o seu manto pola horta. Unha fermosa noite de Deus, e non había bruxas nin meigos.



Horizonte Universal

Asemblea Universal do Pobo Cristián



Un proceso que se inicia

A principios de febreiro Redes Cristiás do estado español, de cara a celebración do aniversario do Concilio Vaticano II, iniciou un proceso de preparación dun documento de convocatoria aberta a prol da celebración dunha Asemblea Xeral do Pobo Cristián.

Nestas páxinas brindamos o primeiro borrador desa convocatoria, que está aberta a posibles suxestións e melloras de colectivos como Irimia ou persoas particulares. Quérese facer un texto breve e que se traballe en grupos.

Pódense enviar propostas a **redes-cristianas@googlegroups.com**

Chamamento de Redes Cristiás

(www.redescristianas.net)

1. O cincuenta aniversario da clausura do Vaticano II está espertando en moitas comunidades cristiás un crecente interese por un acontecemento que propuxo profundar na relación da Igrexa co mundo. As dúas preguntas básicas que flotaban na aula conciliar eran: "Igrexa, que podes ofrecerlle hoxe ao mundo" e "Mundo, que lle esixes hoxe á Igrexa"?

Hoxe, cincuenta anos despois, deberiamos facernos as mesmas preguntas porque tanto o mundo coma a Igrexa cambiaron substancialmente. Ante os novos desafíos -económicos, relixiosos, políticos, culturais, científicos, etc.- aos que hoxe nos enfrontamos os cristiáns e cristiás, xunto a moitos outros, debemos elaborar novas respostas. E para este cometido debemos ter a mesma actitude honesta e creativa que entón tivo o Vaticano II e usar, igual ca daquela, unha metodoloxía capaz de facer razonablemente fiable a vinculación entre historia e transcendencia.

Redes cristiás, cuxa preocupación fundamental desde a súa orixe foi tratar de facer plausible a fe en cada circunstancia histórica, considera que este aniversario pode ser **un *tempo oportuno*** para actualizar nos nosos días o espírito da Primeira Asemblea de Xerusalén, que relatan os Feitos dos Apóstolos no seu capítulo 15. Neste sentido, propuxémonos dedicar o noso esforzo á **constitución dunha base suficientemente ampla,** empeñada na procura dunha nova forma de presenza cristiá no mundo de hoxe e, en consecuencia, na reforma profunda da Igrexa. Sintonizamos nesta procura coas iniciativas que se están poñendo en marcha por outros grupos católicos de base de todo o mundo, singularmente con América Latina e coa Rede Europea de Igrexa pola Liberdade da que somos parte.

2. A nosa proposta diríxese a toda persoa para a cal a aposta pola dignidade do ser humano e o sentido



da transcendencia é importante na súa vida e labor; a todos e todas as que están contra a discriminación -singularmente a de xénero e a causada pola pobreza- e se esforzan por cambiar as estruturas inxustas do mundo; a quen lles doe o silencio da xerarquía ante a crise e o paro, e a súa incapacidade para renunciar aos seus privilexios; a cantas e cantos se desesperan polo deterioro ao que a falta de conciencia ecolóxica está sometendo o planeta; ás persoas que queren vivir a fe nun contexto de liberdade e respecto e non o atopan nas institucións relixiosas; a todos aqueles e aquelas que por esta razón se han ir afastando das igrexas, pero seguen entendendo como válido para o mundo de hoxe a mensaxe do evanxeo.

3 . Con este espírito, propoñémonos pór en marcha unha grande Asemblea do Pobo Cristián**.** Non se trata dun evento cun tempo limitado e unha data precisa. O que pretendemos é máis parecido a un proceso *horizontal* e *participativo* que se pode ir axustando aos tres anos previos ao cincuenta aniversario: *horizontal,* porque todas as voces deben ser oídas, poñendo a súa importancia máis no que se di que en quen o di; e *participativo,* é dicir, asumindo a responsabilidade que cada cal temos ante os demais. Con iso cremos que as fases ata chegar á Asemblea poderían ser:-

1ª Fase 2012-2013: Constitución. O obxectivo desta fase é poñérmonos en relación as persoas e colectivos, actualmente desvinculados, e constituír entre todos unha base social ampla para levar adiante os fins que nos propoñemos. Esta base non debería sentirse limitada por ningunha fronteira de país, continente ou relixión.

2ª Fase 2013-2014: Identificación e priorización dos desafíos. Nesta segunda fase deberiamos detectar os grandes problemas de hoxe e priorizar a nosa actuación en tanto que acción cristiá.

3ª **fase 2014-2015: Posibles respostas.** Coincidindo co aniversario de clausura do Vaticano II, deberiamos atopar algunhas respostas que definan honestamente a nosa forma de presenza no mundo empobrecido e en crise sistémica e a articulación coherente dos medios para unha praxe alternativa. Aquí entra a reforma das institucións e das igrexas.

Os colectivos que formamos parte de Redes Cristiás facemos un chamamento ante esta tarefa urxente que nos propoñemos. Ofrecemos a nosa páxina web e a dirección electrónica para ir recollendo achegas e adhesións das persoas e colectivos que se sintan interpeladas para traballar xuntas nesta tarefa ilusionante e esperanzadora e lograr que a Asemblea Universal do Pobo Cristián sexa unha realidade en 2015.

Non se trata dun evento cun tempo limitado e unha data precisa, senón un proceso *horizontal* e *participativo*

A pregunta

Fai falta un concilio Vaticano III ?

Lupe Cendal



Persoalmente creo que non. É certo que moitos dos principios do Concilio Vaticano II non se aplicaron aínda e que, nestes 50 anos, o mundo cambiou máis ca en séculos anteriores. Pero, aínda que o desaxuste cultural do cristianismo reclama un radical reaxuste da Igrexa nalgunhas das súas formulacións (xénero, organización, ética sexual, investigación teolóxica), opóñome á proposta por dous motivos. En primeiro lugar, resulta prioritario recuperar o espírito de diálogo, creatividade e renovación que trouxo o Concilio e que, en boa medida, perdeuse. Sen ese espírito, calquera novo concilio que se celebre **só servirá para ancorarnos máis no pasado e enquistar os temas pendentes**. En segundo lugar, e máis profundamente, penso que a velocidade coa que cambia o mundo e que irá en aumento polo progreso técnico, obrigaríanos a estar nun Concilio Continuo ou, en palabras de Paulo VI, a experimentar unha Pentecoste Permanente. A Igrexa ten que discernir "en tempo real" os signos dos tempos, é dicir, por onde sopra o Espírito do Deus de Xesús aquí e agora. Iso terá que facerse de modo crecentemente descentralizado porque, máis aló da unidade de fe, o modo de encarnarse o Evanxeo en cada contexto haberá de ser diferente. En caso contrario, pasaremos a formar parte dun venerable museo.

Pedro José Gómez Serrano

(profesor de economía mundial na Universidade Complutense de Madrid e profesor de pastoral xuvenil no Instituto de Pastoral de Madrid)

Un Concilio III **sería unha grande oportunidade para retomar o tren da historia** e inverter a actual tendencia cara á restauración eclesiástica pola da renovación. Estamos ante un cambio de época e iso obriga a Igrexa católica a re-situarse no novo escenario mundial. Hoxe o catolicismo ten un rostro multicultural, multiétnico, multirracial e multirrelixioso.

A Reforma da Igrexa católica, prioritaria, ha de traducirse nunha democratización dende a base ata a cúpula, o cal esixe unha análise crítica tanto dos fundamentos do papado, o episcopado e o sacerdocio, coma do seu exercicio. Tamén cómpre debater a incorporación da cultura dos dereitos humanos no interior da Igrexa, que debe recoñecer o dereito dos cristiáns e cristiás a elixir os seus representantes e facilitar canles para o exercicio pleno das liberdades de reunión, asociación e expresión.

Non debe descoidarse a reflexión sobre o pluralismo relixioso. Pasou o tempo en que cría que a relixión católica era a única verdadeira. Por iso, o diálogo entre as relixións debe converterse nun tema obrigado.

A Igrexa ha de concentrarse no fundamental, volver a Xesús e ao evanxeo, acompañar sen medo nin prexuízos. Sería unha esperanza un Vaticano III? Se me poño a pensar, achégaseme a utopía, porque pensar é como dar un paso. Atrevámonos a seguir soñando xuntos, unha e outra vez: "Igrexa, que dis de ti mesma?, Igrexa, que dis de Deus?" e non se nos esqueza abrir as ventás para que entre o aire, a frescura, a novidade do Espírito e a confianza nos tempos de hoxe.

M. Martínez



O Vaticano II foi unha beizón para a Igrexa, unha sorpresa que ninguén esperaba. Iso mostra que o Espírito non dorme e que a esperanza sempre está a chamar á porta. A renovación foi incrible. Ninguén que vivira aqueles tempos pode descoñecer o salto adiante… e mesmo a imposibilidade da volta atrás. Pero un concilio precisa moito tempo para se desenvolver e non o pode facer sen atravesar crises e problemas. E aquí está a cuestión. Houbo medo. No canto de avanzar, de animar a creatividade e acompañar no risco, a opción foi volver atrás, ao aparentemente seguro. Cunha gran sabedoría "política", que non sempre coincide coa sabedoría evanxélica, preparouse o futuro baixo o lema da seguridade: ou non cambio ou o mínimo posible. Nesta situación non me parece desexable **un concilio: correría o risco de clausurar oficialmente a renovación** —a "conversión"— iniciada polo anterior. Se o houber, tampouco desesperaría eu de que a vitalidade fonda da Igrexa, a forza do Espírito, non lograse romper as barreiras "humanas, demasiado humanas" e desencadease un novo vendaval de vida, graza e creatividade.

Andrés Torres Queiruga

Teólogo



"Ao anxo do Vaticano escríbelle:

Mira que non creo en ti e vomítote! Vistes de púrpura fachendosa e xúntaste cos grandes deste mundo para construír os teus palacios. Ditas normas dogmatizando con soberbia e condenando desde o teu poder autoritario e teocrático. Calas a voz das mulleres que te pariron e violas as túas crianzas, descastado! Con crueldade cortas as ás das pombas e cres que estás a facer o ben. "Teño contra ti que perdiches o teu amor primeiro" (Ap. 2,4).

Avísote, voume rebelar contra ti. Vouche cuspir na cara o sangue inocente por ti derramado. Recorda de onde vés. Atende e recapacita. Como te atreves, arrogante, a falarlles ás xentes destes tempos? Primeiro, abre as ventás e ventila os teus apousentos que feden a podremia. Colle un espello e mírate nel. Avergónzate do teu corpo, besta inmunda que supuras polas túas propias feridas. Saca as túas roupas vellas e lávate! Límpate e cala por unha vez! E así espido, déixate perfumar polos aromas deste mundo: polo cheiro da nena que pasa fame e do mozo con sida, polo recendo da vella da aldea e do parado dos estaleiros, polas fragrancias da muller separada, da lesbiana, da prostituída e da inmigrante. Arrímate e recoñece os teus mesmos olores!

Fóra a vida está xermolando. É tempo de crise no planeta e o Espírito chama, persistente. Escóitoo e ti non estás. Teño para min que perdiches a túa oportunidade.

Achégase a muller vestida de sol, preñada da nova era e disposta para o parto. Debaixo dos seus pés, a lúa, e na cabeza, unha coroa de doce estrelas. A acaba de nacer é unha nena fermosa, filla da infinita diversidade da terra e dos matices ilimitados do ceo. Teño para ela lazos de cores e un vestido azul celeste. Ri a gargalladas e o seu nome é Vidasustentableparatodasetodos. Xoga e o seu nome é Redescooperativasesolidarias. É apaixonada e o seu nome é Amorenliberdade. Si, recoñécea, chámase "Eu son".

Quen teña oídos, escoite o que a Ruah di ás igrexas." (Ap 3,13ss)

Tareixa Ledo Regal

Socióloga

Internacional O réxime sirio e o seu pobo

Moisés Lozano Paz

A República Árabe Siria, é un país que comparte fronteiras con Turquía polo norte, Iraq polo leste, Israel e Xordania ao sur, e Líbano polo oeste. A maioría dos 19 millóns de cidadáns que compoñen este Estado, profesan o islam, sendo o sunnismo o grupo maioritario. Entre os musulmáns non sunnitas en Siria están os drusos, alawitas e chiitas. Tamén existen minorías das etnias asiria, armenia, turca e kurda xunto a miles de refuxiados palestinos. A familia Assad do actual presidente pertence á minoritaria seita alawita, unha rama do Islam chiita, que é só un doce por cento da poboación de Siria, maioritariamente sunnita



fonte: CNN+México

O réxime sirio

Desde o ano 1963, o Partido do Renacemento Árabe Socialista ou Baaz, goberna Siria baixo a declaración de estado de urxencia e desde 1970 o presidente de Siria pertenceu á Familia Assad. Actualmente o Presidente é Bashar al-Assad, fillo de Hafez al-Assad, quen rexeu os destinos do país desde 1970 ata a súa morte no ano 2000. A constitución de 1973 define oficialmente a Siria como un estado socialista laico recoñecendo ao Islam como relixión maioritaria.

Van xa milleiros de asasinatos, detencións, feridos e desaparicións. Isto non acala as protestas, senón que as aviva

Desde 1973 a vixente Constitución define a Siria como República Democrática, Popular e Socialista, baseada, entre outros, no socialismo árabe, os principios de igualdade ante a lei, liberdade relixiosa e propiedade de privada. O Partido Baaz domina a vida política, o Presidente da República domina o parlamento, a vida da sociedade do seu pobo e maioría das potestades lexislativas e xudiciais. Recentemente nun referendo limitou un pouco os seus poderes, pero a represión non cesou nin na xornada electoral.

A rebelión do pobo sirio

A rebelión iniciouse o 26 de xaneiro de 2011, influída por outras protestas simultáneas na rexión, esixindo profundos cambios nos gobernos e que foron descritas como as de Tunisia, Exipto e Libia. Os manifestantes demandan máis liberdades e plena democracia, así como tamén un maior respecto dos dereitos humanos. De acordo con testemuños de fontes independentes, desde o comezo das manifestacións, as tropas sirias e forzas de seguridade asasinaron uns 7.000 civís e outros milleiros resultaron feridos. Tamén se atopan detidas ou desaparecidas entre 9.000 e 15.000 persoas.

Moitos edificios simbólicos do poder, como a sede do Partido Baath e os tribunais, foron incendiados polos manifestantes. O venres 18 de marzo, durante as manifestacións, varios milleiros de persoas foron detidas en Damasco, Homs, Banias e sobre todo en Daraa. As escolas e os estadios das cidades foron utilizados como centros de detención. Desde o 25 de marzo,

malia á represión e as concesións do goberno, o movemento estendeuse ás principais cidades do país. Este tipo de protesta non ten precedentes desde a masacre de Hama en 1982, onde se estima que foron asasinadas entre 10.000 a 25.000 persoas, sendo presidente o pai do actual.

Os dereitos humanos en Siria son sumamente vulnerados segundo as organizacións globais. O goberno de Rusia adiantou que non pode apoiar ningún proxecto de resolución do Consello de Seguridade das Nacións Unidas sobre Siria, proposto por países árabes e occidentais, porque ten entre outros intereses unha base naval clave para parte do seu transporte marítimo. O mesmo fixo China por outras razóns do seu interese económico.

A brutalidade do Exército non acala as protestas, senón que as aviva. En Homs queda claro que o maior perigo para a poboación civil non son as "bandas terroristas" contra as que di loitar o presidente, senón o exército, que executa tamén aos seus desertores. A oposición da UE e de EEUU, así como parte dos países da Liga árabe quizais non abonde. A resistencia do pobo sirio, sen axuda exterior, esgótase. Os organismos como a ONU, co seu sistema de vetos, móstranse ineficaces. Só queda a esperanza de que o pobo sirio se sinta libre e dono dos seus dereitos como persoas dignas nun futuro próximo.



Fonte: AolNoticias

Queremos liberdade.

A ONU resulta ineficaz polo dereito a veto de Rusia e China, con intereses económicos en Siria.

IMPRESO PARA FACERSE SOCIO DE IRIMIA OU SUBSCRIBIRSE Á REVISTA

Se queres facerte socio, subscribirte á revista IRIMIA (ou coñeces a alguén que lle poida interesar recibir de balde os tres próximos números da revista) recorta este impreso e envíao ó Apartado 296 - 15705-Santiago de Compostela, ou escríbenos a irimia@wanadoo.es ou subscricions@asociacion-irimia.org

NOME: . . . . . APELIDOS: . . . . .
ENDEREZO: . . . . .
CÓD. POSTAL: . . . . . CONCELLO OU CIDADE: . . . . . PROVINCIA: . . . . .
TELÉFONO . . . . . CORREO ELECTRÓNICO . . . . .

QUERO SER SOCIA/-O: 3 € ❑
QUER O SUBSCRIBIRME: Ordinaria: 24 € ❑
De apoio: 36 € ❑ Subscrición anual (22 números)
QUERO SER 60x100: **60 € ❑**

DOMICILIACIÓN
BANCO OU CAIXA E AFORROS: . . . . .
DOMICILIO DO BANCO: . . . . . CÓD. POSTAL: . . . . .
CONCELLO OU CIDADE: . . . . . PROVINCIA: . . . . . TITULAR DA CONTA: . . . . .
Nº de CONTA: _ _ _ _ /_ _ _ _ /_ _ /_ _ _ _ _ _ _ _ _ _

Sírvase atender ata novo aviso, e con cargo á miña conta, os recibos que ó meu nome lles sexan presentados ó seu cobro por IRIMIA.

En .... a ..... de ..... de 201__.
Atentamente.

Se queres podes ingresar directamente en calquera das nosas contas indicando claramente o teu nome no impreso de ingreso e enviándonos unha copia xunto cos teus datos.
Conta: NOVACAIXAGALICIA: 2080-0349-85-3040005822



Cartas

Marisa Vidal Collazo

Grazas Piluca



O venres 10 de febreiro celebrouse en Compostela, na cafetería da facultade de Medicina, igual ca en outros moitos lugares da cidade e de Galicia, a cea da fame que todos os anos organiza Manos Unidas-Campaña Contra a Fame. Mostrabamos así a nosa solidariedade activa con todas as persoas que pasan fame no planeta.

A noticia non tería nada de especial se non fose porque este ano na cea concorremos un grupo de persoas que nos anos 80 formamos o primeiro grupo de Mozos de Manos Unidas, que, convocados por María José Fernández-Cervera e Xosé Cuns, quixemos render homenaxe a Pilar Sánchez-Cantón, Piluca, unha auténtica mulleraza que leva toda a vida (e moita vida, por certo) dedicada acabar coa fame no planeta desde a ONG Manos Unidas.

Non estabamos todos os mozos que pasamos por Manos Unidas, pois houbo ausencias debidas á distancia e ás diferentes circunstancias vitais, pero os que nos reunimos coincidimos en sinalar a Piluca como a persoa que nos tiña ensinado a todos o que é cooperación. Moitos de nós temos oído logo en cursos e másters de cooperación aquilo que Piluca nos anunciaba, e cando oímos falar da evolución que a axuda humanitaria tivo nos últimos 20 anos non podemos menos de sorrir pensando que nós xa aprenderamos todas esas cousas hai moito tempo, da man de Piluca.

Sei que a ela lle vai parecer mal isto que escribo, e escribindo arríscome a que deixe de dirixirme a palabra nunha tempada, pero vou correr ese risco porque paga a pena salientar o traballo desta muller, de memoria prodixiosa para teléfonos e datos, que durante moito tempo leva sendo a alma de Manos Unidas en Santiago. De feito, a delegación de Manos Unidas de Santiago ten un estilo diferente, persoal e inconfundible, grazas á pegada de Piluca.

Entendédeme: non é unha muller á que lle guste figurar. Sempre se mantén nun discreto segundo plano dende o que fala e aguilloa, denuncia e organiza, chama e compromete.

Espero que esta xuntanza do día 10 a repitamos moitas veces, facéndolle ver a Piluca o noso cariño e agradecemento. Ningún de nós sería o que é e tería a conciencia social globalizada que temos se non fora polo influxo de Piluca. E é de lei recoñecelo e aplaudilo.

Un bico, Piluca.



DEPUTACION DA CORUÑA
www.dicoruna.es

EDITA: Asociación A. IRIMIA **FEITO EN PAPEL RECICLADO**

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Manolo G. Turnes, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Xosé Chao Rego, Victorino Pérez Prieto, Xosé Antón Miguélez, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopeña, Gumersindo Campaña, Tareixa Ledo, Moisés Lozano, Clodio González Pérez, Antón Martínez Aneiros, Sara Paz Quiñones, Manuel Pérez Blanco, Xabier Blanco, Bernardo García Cendán, Valentina Formoso Gosende, Celia Castro Ojea, Xerardo Castedo Valbuena, Engracia Vidal, Francisco Xabier Martínez Prieto, Fernando Veiga, Antonio Pinto Antón, Bea Cedrón Vilar, Mariano Guizán Sánchez, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Carme Soto, Marisa Vidal e Xan Guillén, Christina Moreira.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓNS EN: revistairimia@asociacion-irimia.org

SUBSCRICIÓNS: Apdo. 296 - 15705 Santiago de Compostela. Telf.: 655 028 253 / subscricions@asociacion-irimia.org
Ordinaria: 24 Euros. de Apoio: 36 Euros.

PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA: asociacion-irimia@asociacion-irimia .org

CONTA: NOVACAIXAGALICIA, CC/2080-0349-85-3040005822- Urbana, nº 8 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **TIRADA:** 1.000 exemplares **DESEÑO E MAQUETACIÓN:** Ninfa, Riveiro, Martínez

ISSN: 2172-9182 **IMPRIME:** Artes Gráficas LITONOR S.A.L. **DISTRIBÚE:** IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: http://asociacion-irimia .org/revista.xhtml

Boa Nova



A CLAVE

A comunidade xoánica manexa unha cristoloxía máis elaborada que a dos evanxeos sinópticos. O evanxeo de hoxe é a parte final dunha hipotética conversa entre Xesús e un fariseo: Nicodemo.

A proposta de Xesús a Nicodemo non é unha nova interpretación da lei, senón un cambio radical, nacer de novo. Toda a conversa xira arredor do cambio de mentalidade sobre a salvación.

A salvación é Vida: unha vida plena e definitiva. Dicir "vida eterna" é quedarse moi curtos, limitando a vida que vén de Deus a unha mera cuestión de cantidade -tempo- e non de calidade.

A vida que vén de Deus é froito do seu amor. Non é algo que podamos "mercar" con boas obras. Non é, tampouco, unha alternativa á condenación, como pensaban os fariseos (e nós tamén, moitas veces). Para andar nesa Vida plena só é necesaria a adhesión a Xesús. Para Xoán, manter unha relación con Deus desde a Lei, desde o externo, a "non vida", é alimentar e manter relacións de inxustiza e opresión: é non aceptar a luz.

E outro dato novidoso de Xoán respecto dos seus compañeiros evanxelistas: Xesús é enviado ao mundo: a salvación está destinada a todos, non só ao Pobo elixido, porque na Vida do Espírito non hai elixidos.

Marisa de Corme

O ECO

Ser un mesmo. Di un mestre budista que a humildade é simplemente aceptarse coma un é. Para nos aceptar, primeiro teremos que nos coñecer, e descubrir esas máscaras, eses engados, esas coirazas coas que nos presentamos ante os demais. José Coronado, triunfador dos Goya deste ano, é o protagonista dun filme, "La vida de nadie", inspirado na historia real de Jean-Claude Romand, un cidadán francés que en 1993 asasinou a toda a súa familia incapaz de afrontar que se descubrise que a súa vida era unha mentira. Romand fíxose pasar por médico e investigador da OMS durante 18 anos, sen que os seus amigos e familiares o soubesen. Inventouse unha identidade ficticia, viviu unha vida de mentira e acabou con todos os seus achegados tras convencerse que "a súa familia non aceptaría a verdade". Que difícil é aceptarse con humildade!

José A. Martínez

A PALABRA

DOMINGO 18 DE MARZO. 4º DE CORESMA

Xn 3, 14-21

Naquel tempo, díxolle Xesús a Nicodemo:

"Como Moisés alzou a serpente no deserto, así debe ser alzado o Fillo do Home, para

que todo o que cre nel, teña vida eterna.

Pois de tal xeito amou Deus o mundo, que lle deu o seu Fillo Unixénito, para que todo

o que cre nel non se perda, senón que teña vida eterna.

Non mandou Deus o Fillo ao mundo para que xulgue o mundo, senón para que por el se

salve o mundo. O que cre nel, non é xulgado; mais o que non cre, xa está xulgado,

porque non creu no Fillo Unixénito de Deus.

Nisto consiste o xuízo: en que, vindo a luz ao mundo, os homes escolleron a tebra en

vez da luz, pois as súas obras eran ruíns. Pois todo o que fai o mal odia a luz e non vén

cara á luz, para que non o delaten as súas obras.

Polo contrario, o que obra a verdade vén cara á luz, para que se vexan as súas obras

pois están feitas como Deus quere".

Falando da lingua Comer e beber a embute

Lidia e Valentina



É coma Santo Antoniño que non come nin bebe e está gordiño

Pechabamos o outro día dicindo que "Estar sen branca" non é unha expresión galega, pero a nosa lingua ten unha riqueza fraseolóxica moi grande para referirnos a todos os ámbitos, pero ... algún destaca especialmente, por exemplo o campo da comida é abundantísimo. Fixádemos cantas frases recollemos para dicir que comemos ben nos exemplos que imos poñer a seguir. Algunhas expresións están feitas por comparación con quen come ben e moito, e tradicionalmente quen comía ben era o clero. Tomade nota: **comer coma** un cura / un crego / un frade / un abade - dous abades/ unha frieira. Claro que tamén hai outros "humanos" que comen ben, así tamén se come coma un rei, un bruto, un descosido ou un condenado… e chamounos moito á atención que se empregase a comparación con un árabe e un asturiano. Nós non coñeciamos estas expresións pero desde logo que as acuñaron nalgures onde vían que asturianos e árabes comían ben…

Outras comparacións son con animais: Comer coma cans / un lobo- lobos / un burro - unha burra / un mulo – mulos / un boi / unha vaca /o can dos gardas/ un voitre/ un urco - unha urca/ bestas / porcos … ou simplemente coma un animal… E mesmo hai quen enche o bandullo coma un becerro e cando a cantidade é moi excesiva dise que hai que darlle cun caldeiro coma aos porcos. Comer coma lobos ou engolar coma un mazcato refírense a, ademais de comer moito, facelo devorando. E cando comemos con moita ansia facémolo coma unha perdiz nunha leira de pan.

Logo están os que comen moito, mais con expresións en sentido figurado e fano coma obxectos : unha draga / unha lima / limas - limas (xordas) / un riguilete / unha alfándigha, a pedra dun afiador ou coma un sabañón. E están tamén os que son coma a Fiscalía, coma un fol furado ou cama un saco sen fondo.

A pregunta nosa é: como será que a fraseoloxía para referirse a quen come pouco que nós coñecemos se reduce a pouco máis dunha liña? comer coma un pito / un cabaleiro / un corzo / un paxariño / un pisco ou comer en [algo] coma o gargullo

E vós como comedes?

O Fachineiro da Lingua

Facer país co idioma

Este é o título do discurso de ingreso na Real Academia Galega de Henrique Monteagudo, un texto no que advirte da gravidade do momento actual da lingua e na que fai un percorrido histórico no proceso normalizador sinalando erros a destro mais tamén a sinistro. Esta Academia, coma calquera institución que teña máis de 100 anos, xa tivo tempo de percorrer toda a escala de brancos, negros e grises. Xa non é Franco presidente de honor (houbo que agardar ao 2009), xa non é aquela contra a que esbardallaba Novoneyra, nin tampouco aqueloutra contra a que berraban os do colectivo Rompente "Fóra as vosas sucias mans de Manuel Antonio", cando lle dedicaran o día das letras. Aínda que-



dan grises, claro, coma a escasa presenza feminina xa denunciada no manifesto "o xogo das cadeiras". Nesta RAG anovada só nos podemos felicitar pola entrada de xente competente coma Monteagudo, con ideas necesarias, pero os votos dixeron que quen ten que facer polo galego é xente sen vontade ningunha, a quen a lingua non lle rouba un minuto de sono. Dous deles (Vázquez e Lorenzo) estaban oíndo alí o discurso de corpo presente. Do texto de Monteagudo destacamos só unha liña: é imprescindíbel ligar galego á innovación, a lingua coma desafío de futuro. Deben lerse as 22 páxinas en www.culturagalega.org

A.Q.